

PROGRAMA PRODUART 09

Feira dos produtos artesanais e ecolóxicos, do 31 de Xullo ó 2 de Agosto

Mesas Redondas Produart 09. Xornadas sobre a Biodiversidade e o Medio Ambiente

I Mesa : As enerxías renovábeis: un futuro sostible para tod@s

Lugar : recinto feiral

Data e hora : **venres 31 de xullo ás 20.00 h.**

Poñentes :

- **D. Xoán Ramón Doldan.** Economista. Profesor Titular de Economía Aplicada da USC: “ A importancia das enerxías renovábeis no fin da era do petróleo “
- **D. Celestino Quintela Sabaris.** Biologo . Secretario da Federación Ecoloxista Galega. “ A Pegada ecolóxica e as enerxías renovábeis “
- **D. Xosé García López.** Técnico Instalador de queimadores de biomasa e sistemas de aire acondicionado ecolóxicos. Caso Práctico.

II Mesa : A Agroecoloxía: creando sinerxias para unha agricultura sostible.

Lugar : Recinto feiral

Data e hora: **domingo 2 de Agosto ás 20.00 h.**

Poñentes:

- **D. Ernesto Sánchez Salgado.** Dtor Técnico de C.R.A.E.G.A
“ Seguridade Alimentaria e Consumo responsable “
Manuel García. Mestre Agricultura Ecolóxica. Coordinador da S.Coop.
Galegade Labregos Daiqui. “Transxénicos e Soberanía Alimentaria.
- **D. Edmundo Maseda.** Productor ecolóxico.
“A utilidade das plantas como tratamentos na Agricultura ecolóxica “

Exposición: “Áreas Mariñas Protexidas “ do Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia . **CEIDA**

Obradoiro de Biodiversidade realizado pola Asociación ecoloxista **ADEGA.**

Construción de caixas niño para nen@s o **sábado día 1 pola tarde,** no recinto feiral.

Videoactiv@ : Proxeccións continuas, durante as horas de apertura da feira. Diferentes documentais de temática medioambiental, artesanal e ecolóxica

Demostrar : Demostracións e degustacións nos stands da feira e no espazo adicado as actividades por parte d@s expositor@s.

Taboeiro Produart disporá dun espazo adicado a publicidade de comunicacións, ofertas e demandas ecolóxicas de calqueira Asociación, Organización ou Colectivo interesado.

HORARIO de apertura ó público de Produart 09

Venres 31 de Xullo de 17.30 h. a 22.00 horas

Sábado e Domingo, 1 e 2 de Agosto de 11.30 h. a 14.00 horas

e de 17.30h. a 22.00 horas

A Exposición sobre “ As Áreas Mariñas protexidas

Produce: CEIDA e Fundació Territori i Paisatge

Patrocina: A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos

Contido:

- 24 paneis de diferentes temáticas: os recursos e ameazas do medio mariño e litoral, a pesca en Galicia e as Áreas Mariñas protexidas como ferramentas para unha xestión das pesqueiras e para a conservación da biodiversidade do medio mariño
- un audiovisual con imaxes da costa galega e entrevistas a diferentes persoas do sector pesqueiro
- dous displays troquelados, nos que se representa en profundidade o fondo mariño, un dun mar ben conservado e no outro un mar explotado e degradado

Durante séculos os seres humanos vimos servíndonos sen miramentos dos recursos que o mar nos ofrece, tanto extraendo alimentos e materiais como aproveitándonos do seu "ilimitado" poder de asimilación de residuos (vertidos, mareas negras, produtos químicos, etc.). Ao principio a degradación das augas foi lenta e silenciosa. Hoxe alcanzou unha magnitude alarmante. Nos últimos anos unha gran variedade de acordos a escala internacional veñen recoñecendo a necesidade de protexer os ecosistemas mariños. Na actualidade as Áreas Mariñas Protexidas (AMPs) son unha das principais ferramentas de xestión das pesqueiras, ao que se engade a súa importancia na conservación da biodiversidade.